

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAISCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

ASUNTO:

Bases reguladoras das autorizacións para a instalación de postos de venda ambulante ocasional en postos desmontables con motivo das festividades relixiosas, eventos culturais, deportivos, benéficos, solidarios, de produtos estacionais de tempada e festas populares.

INFORME PROPOSTA. RESOLUCIÓN

Conforme a Lei 13/2010 do 17 de decembro de comercio interior de Galicia constitúe venda ambulante en mercados ocasionais aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares. De conformidade co artigo 71 de dita lei, enténdese como venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública, aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e venda ambulante en mercados ocasionais, aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

A venda ambulante constitúe unha actividade de gran arraigo na cultura popular e que nos últimos tempos adquiriu unha importancia crecente no sector da distribución polo miúdo. Neste senso tradicionalmente vense exercendo a venda ambulante con ocasión, entre outros, das seguintes festividades e eventos indicados no **Anexo I** relacionados con:

- Festividades Relixiosas.
- Eventos deportivos.
- Eventos culturais.
- Outros eventos e conmemoracións.
- Venda de produtos estacionais e de tempada.
- Festas populares.

O exercicio da venda ambulante mediante a instalación de postos desmontables constitúe conforme o artigo 75 do Regulamento de bens das corporacións locais un uso común especial de dominio público. O uso común especial está suxeito á obtención de licenza previa axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, outorgándose a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros dispoñendo o artigo 77 do RB e artigo 86.2 da LPAP que o uso común especial normal dos bens de dominio público axustarase á licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral.

Respecto á concesión de autorización para o exercicio da venda ambulante o artigo 54 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación de comercio polo miúdo, de carácter básico, determina << *Corresponderá aos Concellos outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante nos seus respectivos termos municipais, de acordo coas súas normas específicas e as contidas na lexislación vixente, de acordo co marco respectivo de competencias.*

"Non obstante o anterior, e posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escasez de chan público habilitado a tal efecto, a duración das mesmas non poderá ser por tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

O procedemento para a selección entre os posibles candidatos haberá de garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, la publicidad adecuada do inicio, desenvolvemento e fin do proceso".

E concretamente, respecto ao procedemento de selección o artigo 4 Real decreto 199/2010 dispón

<< 1. O procedemento para o outorgamento da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e para a cobertura das vacantes será determinado por cada concello, respectando, en todo caso, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 1 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTritos E
FESTAS ESPECIAISCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

régimen de concorrencia competitiva, así como as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, así como do capítulo II da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio.

2. O procedemento será público e a súa tramitación deberá desenvolverse conforme a criterios claros, sinxelos, obxectivos e predicibles. Na resolución do procedemento fixaranse os requisitos da autorización, que haberán de ser necesarios, proporcionais e non discriminatorios.>>

Segundo a Resolución de delegación de competencias de data 18.08.2019 e posterior de data 26.06.2019 corresponde ao concelleiro delegado da Area de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais a concesión de licenzas de venda ambulante.

Polo exposto PROPONSE:

"PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras das autorizacións para a instalación de postos de venda ambulante ocasional con postos desmontables na vía pública con motivo de festividades e outros eventos:

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases establecer as condicións de obtención de licenza de venda ambulante ocasional con postos fixos desmontables na vía pública con motivo das seguintes festividades e outros eventos culturais, deportivos, benéficos, solidarios e de produtos estacionais de tempada.

2.- AUTORIZACIÓN MUNICIPAL: NATUREZA XURÍDICA, CARACTERÍSTICAS E CONTIDO.

As autorizacións municipais para a venda ambulante terán natureza xurídica de autorización de ocupación de dominio público para a súa utilización especial destinada á prestación de servizos particulares dirixidos ao público, non configurándose como unha concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xera vínculo estable nin dereito no comerciante sobre o dominio público.

A autorización para o exercicio da venda ambulante terá unha **vixencia temporal** no período de duración ou data do evento e/ou festividade nos lugares da vía pública ou espazos de uso público indicados no **Anexo I** desta convocatoria. Ademais dos postos que oferta o Concello os solicitantes poden propoñer outros postos alternativos que serán revisados para a súa valoración.

O Concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo intre, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, así como o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de aplicación e lles notificará, no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír unha infracción da lexislación de defensa da competencia.

3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, consonte coa lexislación mercantil e co establecido na Lei do comercio interior de Galicia, para o exercicio da venda ambulante e non están comprendidas nalgún dos supostos de prohibición sinalados no artigo 71 da lei 9/2017 de contratos do sector público e na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, en especial nos seus artigos 159.b) e 178.2.d). Requírese, así mesmo, do licitador, en caso de persoa xurídica, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade de venda ambulante que se vai exercer.

Para a obtención da autorización de venda ambulante esíxese o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Acreditar a personalidade xurídica
- Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 2 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

**CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAIS**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

- c) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- d) Estar dado de alta, no ser caso, do Imposto de Actividades Económicas e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- e) Estar ao corrente de pagamento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- f) Estar ao corrente de pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.
- g) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- h) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- i) Satisfacer as taxas e os tributos fixados nas correspondentes ordenanzas municipais.
- j) Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratara de persoas estranxeiras.
- k) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- l) Dispor de seguro de responsabilidade civil.
- m) Presentar documentación gráfica técnica do posto.

As autorizacións serán persoais, se ben, o titular destas poderá ser substituído por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, previa xustificación documental e autorización municipal:

- a) Un mes en caso de matrimonio.
- b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, desprazamentos polos motivos anteriores. En todos os casos anteriores atenderase os prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.
- c) Para realizar funcións sindicais ou de representación nos prazos serán os que fixe a lexislación vixente.
- d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral).
- e) Exercicio de cargo público representativo.
- f) Privación da liberdade mentres non exista sentenza condenatoria.
- g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licencia.
- h) O tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público ou persoal.

O substituto deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta como comerciante autónomo.
- b) Non ser titular no mercado dun posto de venda ambulante.

Xunto co titular ou suplente da autorización poderán prestar servizo no posto o persoal contratado necesario para atención ao público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 3 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAISCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

4.- SOLICITUDES: FORMA , LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN.

As persoas obrigadas a relacionarse por medios electrónicos deberán presentar solicitude no rexistro electrónico do Concello segundo modelo normalizado (anexo II) a través da sede electrónica do Concello <https://sede.vigo.org/>

Os suxeitos non obrigados a relacionarse electronicamente poderán presentar a solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo de forma telemática, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4. da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas segundo modelo normalizado aprobado polo Concello (**Anexo II**) , no que constarán os seguintes datos:

- Nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do Documento Nacional de Identidade e letra de identificación fiscal (NIF), ou do pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.
- No suposto de persoas xurídicas, cooperativas ou asociacións deberán presentar copia da escritura de constitución, así como dos estatutos que rexen o seu funcionamento, con indicación do datos persoais do vendedor ambulante e a acreditación de apoderamento outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da entidade.
- Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaría como suplente nos casos permitidos na presente bases reguladoras- (ESPECIFICAR MÁXIMO 1- SUPLENTE)
- Postos de venda aos que opta e emprazamento solicitado; no caso de venda itinerante, determinarase o itinerario e horarios nos que se exercerá esta actividade.
- Mercadorías ou artigos obxecto de venda.
- A dirección de correo electrónico do titular para a recepción das posibles reclamacións dos usuarios.
- No seu caso, tempo polo que se solicita a autorización e dimensións do espazo de ocupación que pretende expresadas en metros cadrados e metros lineais, indicando as características técnicas do posto e a venda se pretende realizar en unidade de venda desmontable ou dende vehículo.
- No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).
- Declaración responsable que se achega as presentes bases (**Anexo III**), e no seu caso para as actividades de alimentación a declaración de cumprimento das condicións hixiénico sanitarias (**Anexo IV**) .

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante o Concello de Vigo da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicións destas bases, sen condición ou reserva ningunha.

Se os suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente presentan a súa solicitude presencialmente, as Administracións Públicas requirirán ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude a data de emenda.

O prazo de solicitude será comprendido entre os 30 e os 45 días antes do evento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 4 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAISCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

5.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS.

No caso de que, finalizado o prazo de presentación de instancias, existise un número de solicitudes inferior ou igual ás prazas a cubrir e non coincidisen máis dunha solicitude para o mesmo posto, as autorizacións outorgaranse de maneira directa, sen máis trámites, previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención da autorización.

Cando o número de solicitudes sexa superior aos postos licitados e ocupación máxima de espazo dispoñible o criterio para a adxudicación das autorizacións virá determinada polas mellores características técnicas e estéticas do posto e adecuación deste ao entorno, en caso de contar con condicións moi similares a adxudicación realizarase por sorteo.

6.- ADXUDICACION PROVISIONAL DO EMPRAZAMENTO.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e emendadas as posibles deficiencias, no seu caso, procederase á ditar resolución de adxudicación provisional do emprazamento concreto a cada adxudicatario e requirirase para que no prazo de dez días hábiles acredite a documentación requerida na clausula terceira das presentes bases.

7.- CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN.

Verificada a presentación por cada un dos interesados da documentación referenciada dítase resolución de adxudicación definitiva por parte do concelleiro delegado da área de Comercio e concesión da autorización/licenza de dominio público para o exercicio da actividade no posto e emprazamento adxudicado.

Con posterioridade a autorización realizarase somentes para o evento solicitado, para o período de tempo e horario indicado na mesma, o centro xestor de Comercio poderá requirir a reubicación do posto na contorna dos espazos públicos cando así o aconsellen as razón de interese público, accesibilidade ou outros debidamente motivados, vindo o adxudicatario obrigado a cumprir a maior brevidade os requirimentos que en tal sentido lle sexan formulados e sen que tal circunstancia impoña recoñecementos ou de indemnización ningunha ao seu favor.

8.- FACULTADE DE REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN.


O Concello poderá revogar a autorización unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte aquela incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral, coa correspondente devolución proporcional da taxa abonada. As autorizacións extinguiranse por:

- Cumprimento do prazo para o que foi concedida a autorización.
- Morte ou incapacidade sobrevinda do titular que non lle permita exercer a actividade, ou disolución da empresa no seu caso.
- Renuncia expresa ou tácita á autorización.
- Deixar de reunir calquera dos requisitos previstos na Ordenanza como necesarios para solicitar a autorización ou exercer a actividade.
- Non cumprir coas obrigacións fiscais e da seguridade social ou a falta de pagamento das taxas correspondentes.
- Por revogación.
- Por calquera outra causa prevista legalmente.

9.- RÉXIME XURÍDICO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 5 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO	CONCELLERÍA DE PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS	CONCELLO DE VIGO	
-----------------	--	-----------------------------	--

EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

En todo o non disposto nas presentes bases será de aplicación a normativa básica e plena da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas; o Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; os artigos considerados non básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, antes citada, e cantas outras normas reguladoras do dominio público local resulten de aplicación.

Respecto ao procedemento para o outorgamento de autorizacións, aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e con carácter subsidiario e os principios da Lei de contratos do sector público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Contra a resolución que se adopte, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

10.- CARACTERÍSTICAS ESTÉTICAS E TÉCNICAS

- 1) Unicamente serán autorizadas as instalacións de asadores de castañas cun deseño e condicións estéticas adecuadas, preferiblemente tipo locomotora ou similar aceptado polo Servizo de Comercio, de material non inflamable, acompañada excepcionalmente de casetas de madeira que sexan compatibles coa contorna urbana, dun máximo de 4 m² e 2 m de altura, vernizada en cor castaño e en bo estado de conservación. As instalacións deberán manterse en perfecto estado xeral de pintura en particular, durante toda a tempada de venda, sendo por conta das persoas autorizadas os gastos de mantemento, traslado, montaxe e desmonte.
- 2) A venda de barquillos só será autorizada en barquilleiras tradicionais metálicas e decoradas.
- 3) Os postos de venda ambulante deberán reunir as condicións técnicas, estéticas e de ornato adecuado ao entorno, poidendo contar cunha cuberta textil de pvc nun estado de uso e limpeza adecuado.
- 4) As instalacións destinadas ao exercicio da actividade autorizada non poderán ancorarse ao chan ni a ningún tipo de mobiliario urbano, deberán acomodarse á contorna, de acordo co criterio de ornato público, debendo dispoñer das papeleiras necesarias para o depósito de desperdicios.
- 5) Os postos serán instalados e retirados polos propios adxudicatarios e serán colocados de forma que non causen deterioro no pavimento.
- 6) En todo caso, e con independencia das sancións administrativas ás que houbese lugar, a reparación dos danos causados será por conta do adxudicatario.
- 7) A contorna do posto deberá estar en perfectas condicións de ornato e limpeza, sen almacenaxe de mercadoría directamente no chan.
- 8) Non se permitirá de ningún modo a utilización de materiais non autorizados para a conformación do posto, procedendo neste caso a revogación da autorización outorgada."

11.- CONDICIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Os postos para a venda de produtos que se instalen nos recintos, deberán cumprir coas condicións técnicas e hixiénico-sanitarias previas na normativa sectorial de aplicación.

A tal fin, os mercaderes comprométese a adoptar as medidas organizativas e protocolo de "boas prácticas" de prevención e minimización de contaxio de axentes víricos (COVID-19...) tanto dos traballadores como dos consumidores establecidos pola autoridade competente (luvas, dispensadores de xel desinfectante, distancias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 6 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

**CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAIS**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

adecuadas entre mercader e cliente, distancias adecuadas nas colas de espere entre os clientes, colectores de residuos de material desbotable, etc.).

Así mesmo, será esixible aos alimentos que se expidan o cumprimento das condición de calidade e pureza establecidas nas normas que regulan dita materia.

SEGUNDO.- As presentes bases substituen as publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) con data 08 de marzo de 2021.

TERCEIRO.- Publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no Perfil do Contratista, na páxina web do Concello de Vigo e na prensa local.

Así o di, manda e asina o sr. concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio Distritos e Festas Especiais, diante miña, a secretaria, en Vigo

JH/sbf

Vigo, na data da sinatura dixital consignada á marxe

O xefe do Servizo de Comercio

José A. Hermida Fernández

O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais

Ángel Rivas González

A secretaria da Administración Municipal

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 7 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

Anexo I			
OUTROS EVENTOS			
TIPO DE EVENTO	FESTA OU EVENTO	LUGAR/RÚA/PRAZA	DATA/PERÍODO (Estas datas son orientativas)
NADAL	ACTIVIDADES NADAL	Varias Rúas	Temporal (de novembro a xaneiro) segun peticións dentro do periodo fixado
	RONDALLAS TRAVESAS	Avda. Castrelos	Principios de xaneiro (pendente de data)
	CABALGATA DE REIS	Ubicación a determinar en función do percorrido e o Plan de Autoprotección da actividade	5 de xaneiro
RELIXIOSAS	SAN MAURO (MATAMA)	Rúa Canteiro e Praza de San Mauro	14 e 15 de xaneiro e os 3 domingos seguintes
	NOSA SEÑORA DA PAZ	Rúa Gaivotas, 9 e 20; Avda. Alcalde Gregorio Espino, 71; Avda. E. Martínez Garrido, 106	24 de Xaneiro
	AS CANDELAS (CASTRELOS)	Camiño Corredoura, 1 (CASTRELOS)	2 e 3 de febreiro
	SAN BLAS (CASTRELOS)		
	SAN BLAS (BEMBRIVE)	Camiño Igrexa (Bembrive)	2 e 3 de febreiro
	AS TRES GRACIAS	Santa Marta, 32,50 e 52; San Francisco, 69; Conde Torcedeira, 2; Paseo Alfonso XII, 17 e 29	Primeiro venres de marzo
	O NAZARENO EN ALCABRE	Avenida Atlántida ,116	7 de marzo
	RAMOS	Urzaiz 160, 162 e 207; Porta do Sol, 5; Paseo de Alfonso XII, 17 e 29; Rúa Príncipe, 1; Praza América ,2,3 ; Avenida Castelao, 2	Do martes ao domingo de Ramos
	SEMANA SANTA	Porta do Sol, 5; Avenida García Barbón, 20; Paseo Alfonso XII, 17 e 29; Praza América, 3; Avenida Galicia, 33; Rúa Príncipe	Do martes ao domingo de Pascua
	NOSA SEÑORA DE FÁTIMA	Vía Norte ,17,21,60,62,64,68,70; Pino, 62,64	12 e 13 de maio
	SANTA RITA	Vázquez Varela, 54; Praza Santa Rita, 3; Puerto Rico, 18,29,31	21 e 22 de maio
	MARÍA AUXILIADORA	Ronda de Don Bosco, 19,23,25,27,29,31	24 de maio
	SAN ANTONIO	Fotógrafo Felipe Proserpi , 4 ; Fotografos Irmáns Sarabia ,5A; Praza San Antonio, 3 (FLORIDA)	13 de xuño
	SAN ANTONIO (VALADARES)	Camiño igrexa (Valadares)	13 de xuño
SAN XOAN	Ribeira do Berbés; Avenida Samil (frente circuito automodelismo)	23 de xuño	
O PERPETUO SOCORRO	Praza América, 3	27 de xuño	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 8 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

RELIXIOSAS	SAN PEDRO	Carretera de Miraflores, 47 (SÁRDOMA)	29 de xuño
	CONSOLACIÓN (COIA)	Avenida Castelaio con Rúa Cambados, Avda. Castelaio no torreiro da festa, Rúa Grove	3 e 4 de xullo
	SANTA BAIA (ALCABRE)	Avenida Atlántida ,116	10 de xullo
	SAN CRISTOBAL (CANDEAN)	Rúa Goleta, 2	10 de xullo
	VIRXE DO CARME (BOUZAS)	Alameda Suarez Llanos	16, 17 e 18 de xullo
	VIRXE DO CARME (VAO)	Rúa Canido, Camiño Fontela	16 de xullo
	SANTA CRISTINA	Santa Cristina, 6 (LAVADORES)	24 de xullo
	SANTIAGO (BEMBRIVE)	Rúa Igrexa	24 e 25 de xullo
	SANTA ANA (CANDEÁN)	Rúa Goleta	25 e 26 de xullo
	SANTA ANA (BEADE)	Camiño Costa da Rúa, 1	25 e 26 de xullo
	NOSA SEÑORA DA GUÍA	Doutor Corbal, 19; Avenida Galicia ,35 (TEIS)	Primeiro sábado de agosto
	O CRISTO DA VICTORIA	Méndez Núñez, 3,5,7,; Policarpo Sanz ,1,3,5,7,9; Porta do Sol, 1; Praza Princesa; Rúa Fermín Penzol, 1,3; Praza da Pedra; Abeleira Menéndez, 19; Gamboa, 1; Paseo Alfonso XII, 17 e 29; Elduayen, 10	Primeiro sábado e domingo de agosto
	SAN SALVADOR (TEIS)	Camiño Real	6 de agosto
	SAN ROQUE	Rúa San Roque, 2 e Rúa Filipinas, 53	15 e 16 de agosto
	SAN BARTOLOMÉ (VALADARES)	Carretera Monte Alba	18 e 24 de agosto
	VIRXE DO ROSARIO (LAVADORES)	Rúa Santa Cristina, 2	22 e 23 de agosto
	SAN CAMPIO (VALADARES)	Camiño Igrexa, 222 (Valadares)	29,30 e 31 de agosto
	VIRXE DOS AFLIXIDOS (ZAMÁNS)	Subida a os Padróns	4, 5 e 6 de setembro
	SAN MAMEDE (ZAMÁNS)	Carretera Igrexa, 41	6 e 7 de setembro
	VIRXE DOS LIÑARES (CANIDO)	Camiño Liñares, 7	11 e 12 de setembro
	SAN CIBRAN (BEMBRIVE)	Estrada San Cibrao	18 e 19 de setembro
	SAN MIGUEL (OIA)	Carretera Igrexa Roteas, 2	29 de setembro
	NOSA SEÑORA DE FÁTIMA DE INVERNO	Vía Norte, 17,21,60,62,64,68 e 70; Pino, 62e 64	13 de outubro
	FIETS DIFUNTOS (CEMITERIOS)	Cemiterio de Pereiro, Cemiterio de Bouzas, Cemiterio de Teis, Cemiterio de Sárdoma, Cemiterio de Castrelos.	Do 27 de outubro ao 1 de novembro
	SAN ANDRES (COMESAÑA)	Carretera Matama con Rúa Pazo	30 de novembro
	INMACULADA CONCEPCIÓN	Toledo, 5 (CALVARIO)	8 de decembro
SANTA LUCÍA	Salgueira Entrada,1 e 3; Barrio Salgueira Grupo Sindical, 21 e 23 (SALGUEIRA)	12 e 13 de decembro	
CEMITERIO DE BEMBRIVE (Venda de frores)	Diante do Cemiterio (BEMBRIVE)	Temporal (todos os venres do ano)	
CEMITERIO DE VALADARES (Venda de frores)	Camiño Igrexa, 224 (VALADARES)	Temporal (todos os sábados do ano)	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 9 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

CULTURAI	ENTROIDO	Carral, 12; Reconquista, 8; Velázquez Moreno, 9; Colón, 13; Pontevedra, 10; República Argentina, 19; Rosalía de Castro, 69, Paseo de Alfonso XII, 17 e 29; Praza América, 3; Príncipe; Porta do Sol	Semana de Carnaval (Febreiro ou Marzo según o ano)
	DÍA DAS LETRAS GALEGAS	Avenida Castrelos, 1	17 de maio
	FESTAS DO VERÁN	Parque de Castrelos, outros emprazamentos	Temporal (Xullo – agosto)
	OUTROS CONCERTOS E ESPECTÁCULOS	Varias Rúas	Temporal (data de realización)
DEPORTIVOS	EVENTOS DEPORTIVOS	Entorno o estadio de Balaidos, entorno as pistas de atletismo, Pabillón Municipal de Travesas e outros.	Temporal (data de realización)
TEMPADA	FESTA DA SIDRA (BEMBRIVE)	Rúa Igrexa (Bembrive)	2 e 3 de outubro
	CASTAÑAS	Praza Suárez Llanos; Avenida Castelao, 2, 54; Avenida García Barbón, 22; Praza España; Rúa Enrique Lorenzo, 2; Avenida Balaidos (coren); Centro Comercial Gran Vía (acceso peonil); Rúa Urzaiz, 143 e 183; Avenida de Castrelos, 214; Rúa Ronda de Don Bosco esquina Rúa Príncipe; Praza América; Rúa Teixugueiras, 21; Rúa Travesía de Vigo, 160; Rúa Luis Seoane (mercado travesas); Praza Fernando Católico; Praza 8 de marzo; Finca da Marquesa.	Do 11 de outubro ao 10 de xaneiro
ESPECIAIS	DÍA ELECCIÓN	Gaivota, 18; Numancia, 3; Avenida E. Martínez Garrido, 17	Día de celebración
FESTAS POPULARES	No caso de mercados e feiras ocasionais en festas populares os emprazamentos virán determinados pola propia comisión organizadora, xunto coa solicitude de autorización acompañada da relación dos datos identificativos dos vendedores ambulantes e a declaración responsable para o exercicio da actividade		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 10 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

<p>CONCELLO DE VIGO</p> <p>Praza do Rei, 1 – 36202 Vigo Tel.: 986 810 100 – CIF: 3605700H</p>		IMPRESO DE SOLICITUDE	600
		SOLICITUDE XERAL	Selo rexistro

SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

1. DATOS SOLICITANTE: *Importante:* Se vostede está entre os obrigados a relacionarse coa Administración de forma electrónica*(1) a presentación de solicitudes, instancias, documentos e comunicacións á Administración se deberá realizar a través do rexistro electrónico (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/>). No caso de que o presente presencialmente **será requerido para que proceda á subsanación a través da súa presentación electrónica.**

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos ou razón social	* Teléfono móbil	Teléfono 2				
	* Nome da rúa, praza, etc		* Número	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	* Municipio	* Provincia	Correo electrónico					

2. DATOS REPRESENTANTE: (no caso de presentación polo representante deberá achegar documentación acreditativa da representación). Se actúa en nome dun obrigado a relacionarse coa Administración de forma electrónica, deberá acatar ao disposto no punto anterior.

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Telefone móbil	Teléfono 2				
	Nome da rúa, praza, etc		Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
	Municipio	Provincia	Correo electrónico					

3. NOTIFICACION ELECTRONICA: Recibirá un aviso por correo electrónico e/ou ó teléfono móbil sobre a posta a disposición da Carpeta Cidadá. Para acceder á mesma será necesario dispor de usuario e contrasinal ou certificado electrónico.

Persoas físicas non obrigadas: Cubrir só se desexa notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquer procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento.

Persoas obrigadas: *(1)
As enumeradas no art. 14.2 Lei 39/2015 LPAC e na Ordenanza Municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo (Publicada no BOP de Pontevedra nº 195 do 8 de outubro de 2021).

Solicito a práctica de notificacións por medios electrónicos. Aviso de notificación en:

Telefone móbil	Correo electrónico

4. SITUACIÓN DO FEITO SOLICITADO (SE PROCEDE) Enderezo

Número	Cód. Postal	Referencia Catastral

5. NÚMERO DE EXPEDIENTE RELACIONADO (SE PROCEDE):

6. DESCRICIÓN DA SOLICITUDE: Autorización para instalar un posto de venda ambulante de:

en _____

entre o día _____ e o día _____ en horario de _____ a _____ ocupando unha superficie de _____ metros de largo e _____ metros de ancho. Lonxitude de mostrador _____ metros

7. OPOSICIÓN EXPRESA DO INTERESADO á consulta de datos obrantes na Administración: De acordo ao disposto no Art 28.2 da Lei 39/2015 a consulta de datos é AUTORIZADA polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Non presta o seu consentimento para que o Concello de Vigo realice consulta dos datos do solicitante/representante á Dirección Xeral de Policía Nacional, TGSS, DGT ou outros organismos públicos mediante servizos interoperables. **No caso de que non preste consentimento deberá achegar o documento ou certificado xustificativo.**

A fotocopia do DNI/NIE é substituída polos datos de identificación que se consultan a través do servizo de Verificación da Identidade que utiliza a plataforma de intermediación que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas pon a disposición do resto das Administracións Públicas para garantir o dereito recoñecido no art 28.2 e 53.1.d) da Lei 39/2015 do 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A sinatura desta folia supón a do resto das follas do formulario. O solicitante declara que os datos expresados son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

..... de de

Sinatura:

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L. O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfis, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ó correo dpd.vigo@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 11 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 8534-106	TIPO EXPTE:	BASES
	SOLICITANTE:	Comercio

Anexo II

*(1) Obrigados segundo art.14.2 Lei 39/2015 e art. 9 da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Aquelas persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen no exercicio destas actividades. En todo caso, enténdese incluídas as notarias e rexistros da propiedade e mercantis.
- d) As persoas que representen a unha persoa interesada que sexa obrigada a relacionarse electronicamente.
- e) As persoas empregadas do Concello de Vigo para os trámites e actuacións que realicen con razón da súa condición, na forma prevista nesta ordenanza.
- f) Os órganos de representación das persoas empregadas municipais, ben sexan delegados/as de persoal, xuntas de persoal, comité de empresa ou calquera outro órgano establecido polo Concello de Vigo, tanto nas súas competencias en mesa de negociación como no resto das súas funcións de representación, de negociación colectiva e de participación institucional.
- g) As persoas que soliciten participar nos procesos selectivos de acceso ao emprego público no Concello de Vigo, sen prexuízo, no seu caso, da habilitación dos medios correspondentes para tal fin.
- h) As persoas que soliciten a súa participación en procedementos de concorrencia competitiva ou participativa en canto a plans ou programas determinados polo Concello de Vigo e entidades dependentes, cando así o establezan as bases reguladoras e sempre que quede xustificado na memoria do expediente que gozan da dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, sexa pola súa capacidade económica, técnica, profesional ou calquera outro motivo.
- i) As persoas traballadoras en réxime de autónomos, para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- j) As persoas membros da Corporación municipal en calquera trámite que sexa instrumentado co Concello como consecuencia de tal condición.
- k) As persoas que actúen en representación dalgunha destas persoas obrigadas.
- l) Outras persoas que a lexislación sobre a materia estableza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 12 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Anexo III

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A VENDA AMBULANTE E PARA A MONTAXE DE POSTOS, QUIOSCOS OU CARPAS

DATOS DO DECLARANTE / EMPRESA

TITULAR/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
DIRECCIÓN	TELÉFONO
NÚM. MÓBIL	ACTIVIDADE

DATOS REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	DIRECCIÓN
NIF	TELÉFONO MÓBIL

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

• Coñecer e cumprir as normas que deben axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas (RD 199/2010 do 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante; Lei 13/2010 do 17 de decembre do comercio interior de Galicia). En especial:

A. Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ó corrente da tarifa o, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

B. Estar ao día no pago das cotizacións da Seguridade Social.

C. Autorizar ao Concello de Vigo para solicitar ás restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada ou, de ser o caso, acreditar mediante a documentación necesaria a circunstancia de estar dado de alta e ao corrente de pago de impostos de actividade económica ou no censo de obrigados tributarios.

D. No caso de ser prestador procedente de terceiros países, acreditar que coñece e cumpre coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

E. Reunir as condicións exixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.

F. Non estar incluído en calquera dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei para o exercicio do comercio, así como a falta de calquera outra actividade lucrativa.

G. Non realizar actividades con produtos prohibidos.

- Que dará cumprimento aos niveis de ruído establecidos na Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación producida por ruídos e vibracións.
- Que dará cumprimento á normativa de protección contra incendios que lle é de aplicación.
- Que se dará cumprimento ás condicións establecidas na Ordenanza de protección ambiental de Vigo en todos os seus aspectos e especialmente no referente a verteduras e eliminación de residuos.
- Que dará cumprimento aos horarios establecidos na Orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determina o horario de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se establece o réxime relativo aos horarios dos locais de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como doutros establecementos abertos ao público con independencia dos establecidos no prego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 13 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Que dará cumprimento todas as condicións establecidas no Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT; RD 842/2002) e Instrucións complementarias, en especial a ICT- BT- 028 sobre instalacións en locais de pública concorrencia.
- Que se compromete a manter os requisitos esixidos durante o período de vixencia da citada autorización, e dispoñer no recinto da actividade da documentación requirida.
- Que declara coñecer, e acepta plenamente, as normas e condicións (sobre seguridade e hixiene, horario de apertura e funcionamento, e todas as demais que resulten preceptivas para o funcionamento da actividade) establecidas no Prego de condicións para a autorización de ocupación da vía pública con actividades con motivo das festas das que é obxecto o prego de concesión para a concesión de ocupación e uso do espazo público.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Inspección por un organismo de control autorizado pola Comunidade Autónoma de Galicia seguindo a metodoloxía da norma UNE 20.460-6-61, de acordo co establecido na ITC- BT-05 do REBT. Non se poderá poñer en servizo sen o devandito requisito.
- Certificado emitido por técnico competente que asegure a seguridade e garantías de estabilidade da montaxe realizada para a ACTIVIDADE RECREATIVA que se especifique coas súas características concretas, no lugar asignado e nas datas da autorización.
- Póliza de seguro en vigor xunto co recibo de pago actualizado na contía que corresponda á actividade solicitada.
- Contrato de mantemento de equipos de extinción de incendios (R.D. 1942/1993).

En _____, a _____ de _____, de 20__

Asdo: (Técnico facultativo competente cuxo certificado de habilitación profesional se achega)

TITULACIÓN: _____ -

Asdo: (Titular da adxudicación de acordo cos datos do encabezamento).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 14 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Anexo IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CONDICIÓN HIXIÉNICAS E TÉCNICO-SANITARIAS PARA A ACTIVIDADE DE RESTAURACIÓN OU VENDA DE ALIMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL**DATOS DO DECLARANTE / EMPRESA**

TITULAR/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
DIRECCIÓN	TELÉFONO
NÚM. MÓBIL	ACTIVIDADE
Instalación para a actividade de :	Prego ao que se refire:
DATA DE INICIO	DATA DE FINALIZACIÓN

DATOS REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	DIRECCIÓN
NIF	TELÉFONO MÓBIL

FORMULO A SEGUINTE DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que:

- O establecemento de referencia cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación.
- Cumprirán coas prácticas correctas de hixiene durante o exercicio da actividade.
- Porá a disposición da autoridade sanitaria os xustificantes de orixe dos alimentos. (registro de provedores)
- O manipulador de alimentos dispón da documentación que xustifique a súa formación como tal e/ou experiencia acreditada.
- A actividade conta cos preceptivos permisos e licenzas esixibles por outras administracións e organismos públicos e cumpre coa normativa sectorial vixente de aplicación.
- Comprométese á retirada voluntaria do consumo e posterior destrución daqueles produtos que non reúnan as condicións hixiénico-sanitarias adecuadas colaborando coa autoridade sanitaria correspondente.
- Comprométese a dispor dunha subministración de auga potable.
- Comprométese a non transportar no mesmo vehículo animais vivos xunto con alimentos
- Os alimentos perecedoiros deberán conservarse a temperatura regulada (frío ou calor segundo corresponda)
- Non encherá envases orixinais unha vez abertos e o transvasamento de alimentos a envases máis pequenos aptos para uso alimentario realizarase en condicións de salubridade adecuadas.

E para que así conste en _____ de _____ de _____ 20__

Asdo:

DNI:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2022 13:01	Páxina 15 de 15
8534-106	CSV: AHA6AA-57AA4C-2232A7-43WX1C-PL4CG4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		